

V SEMANA DO LIBRO  
E A LECTURA DE  
LUGO

# cociñando contos


DO 19 AO 25 DE OUTUBRO DE 2014  
MUSEO PROVINCIAL



organiza:



colabora:

**OQO**  
editora





# Inauguración

## CONCERTO

Coro Infantil do Conservatorio

Profesional de Música Xoán Montes.

Directora Henar Matesanz Fernández,  
pianista Juan Ignacio Martínez Pardo

DOMINGO 19 ÁS 12:30 HORAS

## Actividades abertas ao público

De luns a venres ás 18:30 h.

**LUNS 20**

### **COMENDO CONTOS**

Andrea Bayer

Prenderemos os fogóns para cociñar os contos que farán as delicias de pequenos e grandes.

**MARTES 21**

### **CONTOS de MAXIA**

Mago Martín Camiña

Todos os contos teñen maxia, e todas as maxias teñen algo dos contos. Un espectáculo cheo de momentos fascinantes e momentos de asombro: Contos con cordas, papeis, manipulacións de cartas, mentalismo,... comicidade e participación dos espectadores. Se cociñamos contos xuntos... contamos contigo?

**MÉRCORES 22**

### **CONTOS A PEDIR DE BOCA**

OQO Editora

Hai moitos xeitos de viaxar, até... sen movernos da nosa cidade! Que mellor xeito de coñecer distintas culturas que a través dos seus contos? E por que non tamén coñecendo a súa gastronomía?

**XOVES 23**

### **CONTOS COMO ROSQUILLAS**

Soledad Felloza, contadora de historias

Nunha rama de romeu chegan estes contos. Contos mornos, doces, saborosos, para escoitar de dous en dous como se comen as roscas nas romarías

**VENRES 24**

### **COMELIBROS**

Matapiollos Teatral

Comelibros é unha obra na que se mesturan personaxes reais e monicreques nun mundo de libros. Cando a biblioteca pecha as súas portas ao público, os libros reciben cuidados e mimos de dous personaxes moi particulares. Don Hilario o bibliotecario e David o Aprendiz.

Pola noite van pasar cousas estrañas e coñeceremos a uns personaxes chamados Comelibros que habitan nas bibliotecas e gardan certos segredos.

**SÁBADO 25 / 12:30 H. CLAUSURA**

### **AVENTURAS NA COCIÑA**

TRINKETRINKE, contacontos teatral

A Avoa Violeta, a ratiña máis vella de Lonxedetodo, está doente. Outra ratiña, Lili Gruyére, visítanos hoxe para contarnos como vai acadar a recuperación da ratiña anciá. Lili vai preparar diante do público, un delicioso e atractivo menú para a Avoa, que a vai deixar como nova.